



PRESENTACIÓN DA MATERIA

PROFESORA JOSEFA GAMARRA MONDELO	CURSO 2º BACHARELATO	GRUPO A, B
MATERIA: FÍSICA		
CONTIDOS	<p>Bloque 4. Ondas TEMA 1: Movimiento Harmónico Simple TEMA 2: Movimiento ondulatorio.</p> <p>Bloque 5. Óptica xeométrica TEMA 3: Sistemas ópticos: lentes e espellos.</p> <p>Bloque 2. Interacción gravitatoria TEMA 4: Campo gravitatorio. Satélites.</p> <p>Bloque 3. Interacción electromagnética TEMA 5: Campo eléctrico. TEMA 6: Campo magnético. TEMA 7: Inducción electromagnética.</p> <p>Bloque 6: Física do século XX TEMA 8: Física cuántica TEMA 9: Física nuclear e de partículas TEMA 10: Introducción á teoría especial da relatividade.</p>	
AVALIACIÓN	<p>A cualificación en cada trimestre determinarase do seguinte xeito:</p> <p>1. <i>Cualificación procedente de táboas de indicadores (TI):</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Prácticas de laboratorio e elaboración do correspondente informe. Cada actividade terá unha táboa de indicadores .No caso de que no trimestre se faga máis dunha práctica, a cualificación desta parte será o resultado de facer a media. No que segue, esa cualificación represéntase por L. A realización e entrega do informe das prácticas é obrigatorio, • No caso de realizarse algún proxecto de investigación. Cada actividade terá unha táboa de indicadores. A súa cualificación simbolízase por I. <p>A cualificación no trimestre desta parte: TI=(L+I). Cada actividade puntuarase cun máximo de 1,5.</p> <p>2. <i>Cualificación procedente de probas escritas (PE):</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Á metade do trimestre realizarase unha proba escrita (control) sobre os criterios de avaliación correspondentes á materia tratada nese período do trimestre (que usualmente será entre unha e dúas unidades). A cualificación desta proba simbolízase por C. • Ao final do trimestre realizarase unha segunda proba escrita (exame) sobre todos os criterios correspondentes á materia contemplada no trimestre (tres ou catro unidades). A cualificación desa proba simbolízase por E. <p>A cualificación desta parte 2, PE, será PE=0,4·C+0,6·E .</p> <p>No caso que a cualificación da segunda proba supere á media, terase en conta a máis alta para o cálculo final da cualificación do trimestre.</p> <p>As puntuacións máximas para os diferentes exercicios que conformen estas dúas probas escritas tomarán en consideración os pesos das unidades obxecto da proba así como os dos criterios de avaliación asociados con elas.</p> <p>A cualificación global do trimestre, T, será o resultado de aplicar a expresión:</p> $T= 0,15\cdot TI+0,85\cdot PE.$ <p>No boletín de cualificacións consignarase o resultado de aplicar o redondeo á unidade máis próxima seguindo o criterio usual en ciencia. Un trimestre considerarase superado se a cualificación consignada</p>	



é 5 ou superior.

CUALIFICACIÓN FINAL

A **cualificación final** do curso será o resultado de aplicar un redondeo semellante ao sinalado anteriormente á media ponderada das cualificacións obtidas nos trimestres, tendo o seguinte peso cada trimestre: T1: 40% T2: 40% T3: 20%

Así a nota final (F) será calculada: $F = 0,4T_1 + 0,4T_2 + 0,2T_3$.

Esta media ponderada é debida á duración do terceiro trimestre que comprende un mes e medio, xa que no mes de maio so haberá exames.

1ª AVALIACIÓN:

EXAME 1	TEMA 1: MHS. TEMA2. MOVEMENTO ONDULATORIO	17 outubro
EXAME 2	TEMA 3. ÓPTICA	14 novembro

2ª AVALIACIÓN:

EXAME 1	TEMAS 4: CAMPO GRAVITACIONAL	19 decembro
EXAME 2	TEMA 5: CAMPO ELÉCTRICO	6 febreiro
EXAME 3	TEMA 6: CAMPO MAGNÉTICO TEMA 7: INDUCCIÓN ELECTROMAGNÉTICA	13 marzo

3ª AVALIACIÓN:

EXAME 1	TEMA 9: FÍSICA MODERNA.	24 abril
EXAME 2	TEMA 8: FÍSICA CUÁNTICA	
	EXAME FINAL	maio

RECUPERACIÓN DE TRIMESTRES NON SUPERADOS

Para cada trimestre haberá unha proba escrita (recuperación) que terá por finalidade a mellora da cualificación do alumnado que non lograse superalo trala aplicación do procedemento anteriormente sinalado. Esta proba versará sobre os mesmos contidos e criterios de avaliación que a realizada ao remate do trimestre.

Se a cualificación obtida, R, é inferior ao valor PE antes mencionado, a cualificación aplicable para os efectos do cómputo final do curso será T. En caso contrario, a media do trimestre para os ditos efectos será o resultado de aplicar $T = 0,15 \cdot T_1 + 0,85 \cdot R$.

EXAME FINAL DE RECUPERACIÓN. No mes de maio realizarase un exame final de toda a materia que servirá de recuperación para aquel alumnado que teña suspensa a materia ou algunha avaliación.

Tamén poderá realizar esta proba o alumnado que queira mellorar a súa nota. **NON SE FARÁN EXAMES POR PARTES.**

A nota final do curso, para cada alumno/a, será a que resulte mellor entre a obtida tendo en conta o exame final ou a media obtida durante o curso.



	<p>PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</p> <p>Ao remate do terceiro trimestre, despois da avaliación ordinaria, existirá unha proba extraordinaria destinada ao alumnado que non superase a materia e que versará sobre os criterios de avaliación pertencentes a todos os contidos impartidos no curso. A cualificación correspondente será a da proba escrita</p>
TRABALLOS e EXAMES	<p>Os traballos a realizar dependendo do tema que se trate: Prácticas de laboratorio: informes escritos. Establecerase un prazo de entrega despois de facer a práctica. Traballos propostos polo profesor. Establecerase un prazo segundo a dificultade. Exercicios realizados en clase ou en casa. Exames. Realizaranse a lo menos dous cada trimestre, como se indica e constarán de cuestións teóricas referentes aos temas dos que se examina e problemas ou prácticas que poderán ser de calquera tema visto ata ese momento</p>
NORMAS	<p>So se repetirá un exame se o alumno ten xustificante médico</p> <p>No caso de fraude comprobado na realización dun exame por calquera medio (copiar do compañeiro, con apuntes, etc...) a cualificación dese exame será dun 0, e o profesor resérvase a posibilidade de emprender as accións disciplinarias que estime oportuno. No caso de que isto ocorra na proba global da terceira avaliación, o alumno ou alumna implicada perderá todo dereito a recuperar ou subir nota.</p>
NORMAS DE RESOLUCIÓN DE EJERCICIOS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN	<p>Criterios de corrección dos exames</p> <ol style="list-style-type: none">1. As respostas deben axustarse ao enunciado da pregunta.2. Unha cuestión teórica deberá razoarse. Non facelo anula a cuestión.3. Nas respostas ás cuestións, valorarase a utilización adecuada da linguaxe química, a claridade e orde lóxica na exposición dos conceptos, procesos, pasos a seguir e hipóteses.4. Un erro grave de concepto anula o apartado correspondente, pola contra, unha solución errada pero cun razoamento correcto valorarase.5. As cuestións que esixen a solución dunha anterior cualificaranse independentemente do resultado da devandita cuestión. Non obstante, a segunda cuestión anularase cando a solución da primeira estea baseada nun erro grave de concepto ou na invención de resultados.6. Os erros nas unidades, ou ben o non poñelas, descontan un 25% da nota do apartado.7. Un erro no cálculo considérase leve e desconta un 10% da nota do apartado. Pero o apartado anularase, se o resultado carece de lóxica e o alumnado non fai unha discusión acerca da falsidade de dito resultado ou se o corrector non é capaz de ver de onde saíu dito resultado.

Bertamiráns a 8 de setembro de 2024.

Asdo.: O/a profesor/a Josefa Gamarra Mondelo